

***ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES SINGULARES DE REGULACIÓN DO TRÁFICO URBÁN, TALES COMO RETIRADA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS, TENDENTES A FACILITA-LA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS E DISTINTAS ÁS HABITUAIS DE SINALIZACIÓN OU ORDENACIÓN DO TRÁFICO POLA POLICÍA LOCAL***

**Artigo 1º. Natureza e fundamento**

O Pleno do Concello, en uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 A 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación dos servicios ou realización de actividades de regulación do tráfico; tales como retirada de vehículos e inmovilización de vehículos, tendentes a facilitar a circulación de vehículos e distintas ás habituais de sinalización de ordenación do tráfico pola policía local.

**Artigo 2º. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos servicios ou realización das actividades de regulación do tráfico; tales como retirada e inmovilización de vehículos, tendentes a facilitar a circulación de vehículos distintas ás habituais de sinalización e ordenación do tráfico pola policía local.

**Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

Será suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

**Artigo 4º. Responsables**

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

**Artigo 5º. Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figura no anexo a esta ordenanza.

**Artigo 6º. Beneficios fiscais**

Soamente se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

### **Artigo 7º. Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade, cando se preste a instancia de parte, en caso contrario, no momento de iniciarse a prestación do servizo ou a realización da actividade, en ambos casos poderá esixir se o depósito previo.

### **Artigo 8º. Liquidación**

Cando se trate de servizos ou actividades cuxo devengo se produza no momento de presentarse a solicitude ou ao iniciarse a prestación do servizo ou realización da actividade e a liquidación se poida cuantificar no momento da presentación da solicitude de prestación ou ao iniciarse a mesma, liquidarase nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sempre con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade.

Cando se trate de servizos ou actividades cuxo devengo es produza ao iniciarse a prestación do servizo ou realización da actividade e a liquidación non se poida cuantificar no momento de iniciarse a prestación do servizo ou realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar a taxa no momento de interesar ao suxeito pasivo a devolución do vehículo.

### **Artigo 9º. Ingreso**

O pago desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación se poida realizar antes da prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade, na tesourería municipal, nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación ou ao funcionario responsable que, ao efecto, se designe pola alcaldía.
- Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación non se poida realizar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

### **Artigo 10º. Infraccións e sancións**

Nesta materia estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración a que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, de 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza, cederán ante a regulación prevista nos convenios.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Primeiro: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Retirada e transporte

	Concesionario	Concello	
Bicicletas	3,30	6,70	10,00
Ciclomotores	3,30	6,70	10,00
motocicletas	9,30	6,70	16,00
Turismos	43,00	12,00	55,00
Furgonetas ata 1 Tm	76,00	14,00	90,00
Furgonetas 1,01-3 Tm	121,00	14,00	135,00
Camións 3,01-10 Tm	256,00	14,00	270,00
Camións máis 10 Tm e autobuses	435,00	15,00	450,00
Camións articulados	676,00	14,00	690,00

Depósito e custodia (por día e fracción)

Bicicletas	2,50
Ciclomotores	3,50
motocicletas	4,50
Turismos	15,00
Furgonetas ata 1 Tm	20,00
Furgonetas 1,01-3 Tm	35,00
Camións 3,01-10 Tm	50,00
Camións máis 10 Tm e autobuses	65,00
Camións articulados	105,00

Desprazamento e enganche sen retirada de vehículo

	Concesionario	Concello	
Turismos	23,30	6,70	30,00
Furgonetas ata 1 Tm	33,30	6,70	40,00
Furgonetas 1,01-3 Tm	53,30	6,70	60,00
Camións 3,01-10 Tm	63,30	6,70	70,00
Camións máis 10 Tm e autobuses	128,30	6,70	135,00
Camións articulados	158,30	6,70	165,00

Pleno de 29.10.12